



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en aloxamentos turísticos INE

Maio 2025



Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de maio de 2025**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento turístico da comunidade –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, turismo rural e albergues- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2024 e anteriores.

O INE estima que neste mes de maio abriron de media en Galicia algo máis de 4.600 establecementos de aloxamento turístico que ofertaron 109 mil prazas –cifra que descende nun 1,7% en relación ao dato do pasado ano-.

Apréciase neste sentido un comportamento variable a nivel das tipoloxías. En particular a oferta descende en tres delas –un 4% nas pensións, nun 7,5% en turismo rural e un 19% nos albergues-, mantense estable nos hoteles e increméntase, en cambio, nos apartamentos turísticos –nun 4%- e nos cámpings –nun 10% neste caso-.

MAIO 2025

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos turísticos (INE)


TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. 25/24	Nº	Var. 25/24	Nº	Var. 25/24	%	Var. 25/24
HOTEIS	416.310	0,7%	722.884	0,7%	1,74	0,0%	47,93%	0,23
PENSIÓNS	150.788	15,5%	197.911	8,8%	1,31	-5,8%	38,63%	4,60
ESTAB. HOTELEIROS	567.097	4,2%	920.795	2,3%	1,62	-1,3%	45,57%	1,46
APTOS. TURÍSTICOS	22.795	2,4%	49.145	-6,7%	2,16	-8,8%	18,12%	-2,11
CÁMPINGS	19.939	49,3%	35.714	68,1%	1,79	12,6%	16,17%	-2,48
TURISMO RURAL	21.540	-9,0%	31.289	-7,6%	1,45	1,6%	20,14%	-0,03
ALBERGUES	142.117	1,0%	149.984	0,8%	1,06	-0,3%	40,01%	8,01
ESTAB. EXTRAHOTEL.	206.391	3,2%	266.132	3,7%	1,29	0,5%	-	-
TOTAL	773.488	4,0%	1.186.927	2,6%	1,53	-1,3%	-	-

- O segmento do aloxamento turístico de Galicia –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, aloxamentos de turismo rural e albergues- presenta agora en maio un comportamento positivo. En particular, increméntase o volume de noites –nun 2,6% en relación ao pasado ano- como consecuencia dun crecemento da cifra de viaxeiros aloxados –do 4,0%- nun contexto de certa caída da estadía media.
- Neste contexto Galicia achégase aos 1,2 millóns de pernoctacións no conxunto do aloxamento colectivo no mes de maio, a cifra máis alta da serie histórica –é o terceiro ano consecutivo no que supera a barreira de 1,1 millóns de noites neste quinto mes-. Neste punto cabe ter en conta, en todo caso, que as comparacións



anteriores a 2021 non son de todo exactas pois estes datos inclúen tamén, desde ese ano, as cifras dos albergues -que supoñen un incremento adicional de 150 mil noites-. En ausencia de albergues a evolución sería similar, rexistrando a nosa comunidade tamén neste caso o nivel máis elevado da serie.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos turísticos (INE). Maio 2016-25



- Así, tal como se observa no gráfico anterior, apréciase nos datos de 2020 -co peche total da actividade turística- e 2021 o impacto da crise provocada pola Covid19 na actividade turística de Galicia -o primeiro estado de alarma declarouse en marzo de 2020-. Rexistrárase unha perda practicamente total, do 97%, no número de viaxeiros e noites -polo confinamento domiciliario e as restricións nas viaxes e desprazamentos polo territorio nacional-, circunstancia que se recupera levemente en 2021 e totalmente en 2022 e anos posteriores -superando o nivel de demanda previo á crise-. A tendencia de crecemento continúa ata este 2025, rexistrando así un novo máximo da serie histórica agora en maio con preto de 1,2 millóns de noites.
- Neste mes Galicia colócase como o oitavo destino máis importante do Estado -mantén o posto de abril mais mellora o dos dous meses anteriores-, absorbendo o 2,5% do total estatal. Baleares é neste mes o destino de maior volume e peso en termos de demanda turística con máis de 9,2 millóns de pernoctacións -o 20% do total-. Lidera por vez primeira neste ano o ranking estatal substituíndo a Canarias que encabezou a lista de destinos españois nos últimos sete meses.
- Logo de Baleares sitúanse a continuación Cataluña -con pouco máis de 8,5 millóns de noites-, Canarias -con 7,4 millóns de pernoctacións-, Andalucía -con preto de 7,3 millóns de noites-, a C. Valenciana -con case 4,6 millóns- e Madrid -con pouco máis de 3,0 millóns de noites neste caso-. Estas seis comunidades agrupan neste mes ao 85% do total da demanda turística colectiva do conxunto de España. Nun segundo




grupo sitúase Castela e León -con máis de 1,2 millóns de noites- por diante de Galicia e dos restantes destinos do Estado.

- Obsérvase neste mes un comportamento variable da demanda a nivel das comunidades autónomas sendo maioría as que amosan dinámica positiva. Así, once delas superan os niveis de demanda de maio do pasado ano, con maior intensidade A Ríoxa -rexistra un incremento 18%- por diante dun grupo de comunidades localizadas no norte peninsular -Navarra e o País Vasco- que xunto con Murcia presentan subas do contorno do 8% interanual. No lado contrario os crecementos máis moderados localízanse en Canarias e Estremadura, con subas inferiores ao 2% en relación ao pasado ano.
- Un destino -a C. Valenciana- mantense en niveis parellos mentres que os cinco restantes amosan caídas da demanda de entre o 2% en Andalucía e o 3% en Cataluña, Cantabria, Baleares e Asturias.
- Galicia sitúase, por tanto, no grupo de comunidades de comportamento positivo, nunha posición media e cunha variación parella en intensidade á de Madrid.
- No conxunto de España o nivel de demanda mantense estable en termos globais. En consecuencia, o comportamento de Galicia mellora en case tres puntos a media do conxunto do Estado.
- A perspectiva en termos de peso amosa variacións de diversa índole pero de baixa intensidade. Boa parte das comunidades autónomas presentan variacións inferiores ao medio punto porcentual respecto do peso que tiñan en maio do pasado ano, concluindo con isto que o reparto territorial da demanda mantense relativamente estable. Marcan a excepción dunha banda Canarias -que presenta o maior incremento de cuota de mercado- e, doutra banda, Cataluña e Baleares -que perden xustamente medio punto de representatividade neste caso-. Tal circunstancia cambia respecto do observado en abril mais consolida a tendencia dos tres meses anteriores nos que Canarias reforzaba o seu peso no conxunto do Estado-.
- O comportamento da demanda permite neste caso a todos os destinos situarse por encima das cifras previas á pandemia -con maior distancia o País Vasco, Navarra e A Ríoxa pois superan en máis dun 30% os valores de hai seis anos-. Canarias rexistra valores máis parellos, con menos diferenza do que presentaba en maio de 2019.
- Neste mes de maio o 78% da demanda nos aloxamentos turísticos corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis -que representan o 61%- coma ás pensións -co 17% neste caso-. O 22% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos -segmento que absorbe o 4,1% da demanda total-, aos cámpings -co 3,0%-, aos establecementos de turismo rural -co 2,6%- e aos albergues -segmento que por segunda vez consecutiva adquire maior peso pois representa o 12,6% neste caso-.
- Esta estrutura cambia levemente en comparación coa observada no primeiro trimestre e encaixa en parte cun período de temporada media, cun peso aínda

importante do segmento hoteleiro fronte ao non hoteleiro -no que adquiren protagonismo os albergues-.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento turístico. Maio 2025




- Obsérvase neste mes un comportamento variable da demanda a nivel das diferentes tipoloxías de aloxamento. Así, increméntase o volume de noites en dúas delas -un 9% nas pensións e en máis dun 80% nos cámpings-, mantense estable nos hoteis e nos albergues, e descende nos apartamentos turísticos -un 7%- e nos aloxamentos de turismo rural -arredor dun 8% neste caso-.
- Neste contexto cabe sinalar o bo comportamento observado nos cámpings pois ademais de rexistrar a taxa de crecemento máis elevada agora en maio consolida unha dinámica positiva importante neste 2025, con incrementos notables en catro dos cinco meses considerados.
- Esta dinámica mantén os niveis de demanda de catro tipoloxías por encima dos valores anteriores á pandemia -con maior distancia os cámpings e en valores máis próximos os hoteis-. Marcan a excepción os aloxamentos de turismo rural -fican unha vez máis por debaixo dos valores anteriores á crise, con porcentaxes de recuperación do contorno do 85% neste caso-.
- O comportamento da demanda -número de noites- vén como consecuencia de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados salvo no caso dos apartamentos turísticos onde a caída provén do descenso da estadía media xa que o volume de viaxeiros sobe en realidade un 2%.
- A estabilidade da demanda nos hoteis vén como consecuencia de contraponer comportamentos variables a nivel das categorías. Así, increméntase o volume de noites no segmento máis alto -hoteis de catro e cinco estrelas, nun 2,5%- e nas pensións tanto de tres e dúas estrelas -nun 10%- como naquelas dunha estrela -nun



7% neste caso-. Mantense estable o número de pernoctacións nos hoteis de tres e dúas estrelas, e descende unicamente nos de unha estrela -nun 3% neste caso-.

- A variación dos niveis de demanda no ámbito turístico tradúcese neste mes, en termos absolutos, nunha diferenza positiva de case 10 mil pernoctacións respecto dos valores do pasado ano, dato que na súa maior parte provén do ámbito hoteleiro e dos cámpings.

Fig. 3. Variación interanual das noites en estab. turísticos. Maio 2025/24, por tipoloxías




- O comportamento da demanda varía nas diferentes tipoloxías de aloxamento e nas diferentes comunidades autónomas. Un só destino -Castela e León neste caso- consegue homoxeneidade completa nas variacións da demanda no sentido de que presentan crecemento do número de noites en todas as modalidades de aloxamento. Marca a excepción nun contexto no que practicamente todas as comunidades rexistran dinámicas positivas e negativas en función da tipoloxía.
- Con carácter xeral apréciase mellor comportamento no ámbito hoteleiro e de turismo rural -nestes dous segmentos dez comunidades autónomas amosan resultados positivos- fronte ás restantes tipoloxías. A Rioxa, Navarra e o País Vasco son os destinos de maior crecemento da demanda nos hoteis e pensións. Estremadura, en cambio, presenta a suba máis moderada.
- No segmento de turismo rural son os destinos localizados no centro e sur peninsular -Andalucía, Castela A Mancha e Murcia- os que presentan as taxas de crecemento máis elevadas mentres que no lado contrario a suba máis moderada sitúase en A Rioxa.
- Nas restantes modalidades é maioría o número de destinos que presentan crecemento da demanda agás nos albergues. Así nove destinos sitúanse por encima dos niveis de demanda de 2024 nos apartamentos turísticos, con Asturias á cabeza

en intensidade. Oito destinos amosan crecemento da demanda no ámbito dos cámpings, sendo neste caso Galicia a comunidade coa taxa de maior intensidade.

- Presenta un comportamento máis dispar a nivel territorial o segmento dos albergues pois neste caso só catro comunidades presentan resultados positivos - con maior intensidade en Cantabria-, unha mantense en niveis parellos mentres que oito amosan caídas de diversa intensidade. Por ausencia de datos non se poden estimar variacións interanuais para catro comunidades autónomas.
- Galicia colócase neste caso en posicións variables, con mellor comportamento relativo no segmento dos cámpings -rexistra a porcentaxe de crecemento máis alta de todas as comunidades- e peor dinámica no ámbito dos apartamentos turísticos e turismo rural -con posicións baixas en termos relativos-.
- En termos de volume Galicia ocupa posicións variables nas diferentes modalidades de aloxamento. Lidera o ranking estatal no segmento dos albergues -é a comunidade con maior volume de noites nesta tipoloxía- mais descende á sétima posición no ámbito hoteleiro, á novena nos apartamentos turísticos, e sitúase en lugares inferiores -posto número 12- nos dous restantes segmentos -cámpings e turismo rural-.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto do aloxamento colectivo. Maio 2025




- Neste mes, o 55% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, que engloba ao interno -dos residentes en Galicia, segmento que supón o 18% do total- e ao que procede das restantes comunidades autónomas -mercado receptor nacional, que representa o 37%- . O mercado internacional absorbe a porcentaxe restante, o 45% do total da demanda neste caso -porcentaxe superior á dos últimos meses, e superior tamén por vez primeira neste ano á dos dous mercados de ámbito estatal-.
- Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e cambian levemente en relación ao observado desde o lado dos viaxeiros aloxados. Neste caso o peso do mercado nacional sitúase no 48% -cun 16% para o interno e 32% para o que procede



do resto do Estado-, ficando o 52% -máis da metade do total dos viaxeiros- para o estranxeiro.

- A nivel de mercados obsérvase un comportamento algo dispar neste mes. Así en maio descende o turismo interno, dos residentes en Galicia -nun 3%- e increméntase en cambio o turismo receptor -nun 6% aquel con orixe no resto do Estado e nun 3% o internacional- Todas as porcentaxes están referidas ás pernoctacións e proveñen de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados, con cambios pouco significativos da estadía media.
- O maior crecemento en termos relativos do segmento receptor asóciase en boa medida a este período de temporada media con notable protagonismo de segmentos como os congresos e reunións, así como a peregrinación internacional.
- Esta dinámica leva, desde unha perspectiva de longo prazo, a situacións diferentes en función do mercado de orixe. O mercado interno mantense por cuarto ano consecutivo por encima das 210 mil noites, superando o nivel que tiña xusto antes da pandemia mais fica por debaixo dos valores rexistrados, por exemplo, en 2009. O turismo receptor fica, en cambio, por encima dos valores anteriores á crise, con 440 mil noites aquel de orixe nacional -a cifra máis elevada da serie- e con 535 mil pernoctacións o internacional -tamén máximo da serie histórica do mes de maio-.

Fig. 5. Distribución da demanda por procedencia e tipo do aloxamento. Maio 2025




- A diferenza de dirección e intensidade na variación da demanda leva a cambios na estrutura da mesma. Neste sentido, perde peso o turismo interno -nun punto porcentual- acadando a cuota máis baixa da serie histórica do mes de maio co 18% do total da demanda, mantense estable o internacional no 45% por terceiro ano consecutivo -porcentaxe que se consolida como máximo da serie histórica deste quinto mes- e increméntase o peso do receptor nacional -nun punto porcentual



neste caso, para chegar ao 37% do total -a porcentaxe máis alta dos últimos tres anos-.

- O turismo de ámbito nacional é maioritario en tres das seis tipoloxías consideradas, en porcentaxes que van do 55% no segmento de turismo rural a máis do 60% nos hoteis e máis do 65% nos apartamentos turísticos. Nas pensións apréciase un peso equivalente para ambos mercados -supoñen o 50% do total- mentres que nos cámpings e albergues destaca en volume e peso o turismo internacional -representa o 54% das noites nos primeiros e case o 70% nestes últimos-.
- Acontece isto por vez primeira neste ano pois en abril todas as tipoloxías presentaban maior peso do mercado nacional, e no primeiro trimestre marcaban a excepción unicamente os albergues, con maior peso do internacional. Acontece isto agora tamén nos cámpings, e case nas pensións onde acadan o 50% do total das noites.
- O maior peso do turismo de ámbito nacional nos apartamentos turísticos concéntrase no mercado receptor, isto é, nos españois que proceden doutras comunidades autónomas -supoñen o 39% do total-. Nas restantes modalidades o segmento de maior volume e peso é o internacional -tendo en conta os tres de referencia-, pois supoñen o 41,5% das noites no ámbito hoteleiro, o 45% no segmento de turismo rural, o 54% nos cámpings e o 68,5% nos albergues. Estes últimos son a tipoloxía con maior peso do mercado estranxeiro.
- En todas as modalidades agás nos cámpings o segmento de menor volume e peso é o turismo interno, o dos residentes en Galicia. Nos cámpings este mes, e como excepción á norma xeral, o segmento de menor peso é o receptor nacional -representa o 16% das noites desta modalidade-.


Fig. 6. Var. Noites por procedencia e tipo do aloxamento. Maio 2025/24





- A nivel de tipoloxía e mercados apréciase este mes un comportamento variable sendo maioría os que amosan unha dinámica positiva. O mellor comportamento en termos relativos concéntrase no mercado receptor nacional que supera o número de noites do pasado ano en todas as modalidades de aloxamento, con maior intensidade nos cámpings e de forma máis suave no segmento hoteleiro e nos albergues.
- Os mercados interno e internacional combinan dinámicas positivas e negativas en función da tipoloxía de aloxamento. O primeiro sobe unicamente nos cámpings e nos albergues -en máis dun 50% en ambos-, e o segundo tamén nos cámpings e no segmento hoteleiro.
- Desta maneira os cámpings son a única tipoloxía que presentan un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado.
- Con esta dinámica a estrutura dos mercados cambia en cada tipoloxía de aloxamento. Así o turismo interno gaña peso nos cámpings e nos albergues, e perde cuota nas restantes tres modalidades. O receptor nacional gaña peso en todas as tipoloxías de aloxamento -por presentar mellor comportamento en termos relativos, circunstancia que xa acontecera en abril- con maior notoriedade no ámbito dos apartamentos turísticos e de turismo rural. O internacional, en cambio, mantense estable no segmento hoteleiro e de turismo rural, e perde peso nas tres restantes modalidades -con maior intensidade nos cámpings-.
- A estadía media global sitúase en 1,5 noites, cifra que se mantén practicamente estable en relación ao pasado ano mais descende un 10% en comparación co nivel previo á pandemia -circunstancia que en parte débese á presenza dos albergues no cómputo global, tipoloxía que presenta a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento, tirando cara abaixo o dato global-.


Fig. 7. Estadía media nos establecementos turísticos. Maio 2025





- Con esta dinámica a estadía media do mes de maio mantense en mínimos da serie histórica -antes da pandemia oscilaba habitualmente no contorno de 1,8 noites-.
- Os apartamentos turísticos rexistran neste mes a cifra máis alta do conxunto da oferta -con 2,2 noites de media-, marcando diferenza coas restantes modalidades que fican por debaixo das dúas noites -con 1,8 noites os cámpings, 1,7 noites os hoteis, 1,5 noites os aloxamentos de turismo rural, 1,3 noites as pensións e preto de 1,1 noites os albergues-.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar. Incrementábase en dúas modalidades -con maior intensidade nos cámpings, nun 13%- , mantense estable nos hoteis e albergues, e descende nas dúas restantes -arredor dun 6% nas pensións e un 9% nos apartamentos turísticos-.
- Neste mes, igual que nos tres anteriores, Galicia sitúase nunha posición baixa no que atinxe ao valor da estadía media -rexistra, en realidade, a cifra máis baixa de todas as comunidades autónomas-. Canarias, con 6,2 noites, marca o valor máis elevado agora en maio -tal como acontece en practicamente todos os meses-. Seguen en orde de importancia Baleares -con 4,7 noites de media- e a C. Valenciana -con 3,5 noites neste caso-.
- En termos dinámicos a estadía media incrementábase en nove comunidades autónomas -lideran este ranking Murcia e Aragón con subas do contorno do 5%- , mantense estable en dúas e descende nos restantes seis destinos -rexistrando Cantabria a caída máis notable, do 5,2% neste caso-.

Fig. 8. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. turísticos. Maio 2025





- En termos de ocupación obsérvase un comportamento algo diferente do observado do lado da demanda. Neste sentido mellora o dato do pasado ano en dúas modalidades -en case cinco puntos nas pensións como consecuencia do crecemento do número de noites, e en oito puntos nos albergues por unha notable caída da oferta dispoñible-, mantense estable nos hoteis e nos aloxamentos de turismo rural, e descende nos apartamentos turísticos e nos cámpings -en pouco máis de dous puntos en ambos casos-.
- Catro das seis modalidades consideradas presentan unha dinámica da ocupación parella ao observado do lado da demanda. Dúas en cambio amosan evolucións diferentes, consecuencia de variacións notables da oferta dispoñible. É o caso dos cámpings -que rexistran unha perda de máis de dous puntos porcentuais a pesar de incrementar de forma notable o número de noites- e dos albergues -que nun contexto de estabilidade da demanda conseguen mellorar en oito puntos a porcentaxe de ocupación-.
- Os hoteis continúan rexistrando a porcentaxe de ocupación máis alta do conxunto da oferta de aloxamento, cun 47,9% de media neste mes. Nun segundo grupo sitúanse os albergues -cun 40,0% de media- e as pensións -cun 38,6% neste caso-.
- As restantes modalidades presentan unha cifra inferior, cun 20,1% os aloxamentos de turismo rural, un 18,1% os apartamentos turísticos e un 16,2% os cámpings -tipoloxía que marca neste mes a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento-.